

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE ARTEIXO**

*ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións de Casas Novas.*

Mediante o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de marzo de 2026, adoptouse, entre outros, o Acordo de aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións de Casas Novas (expediente 2024/U035/000001).

Constan no certificado do Pleno os seguintes acordos:

Primeiro. Acordar a aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións de Casas Novas (PEID), non previsto nas NN.SS., asinado polo arquitecto COAG nº 3.254, Pablo Márquez Martínez de San Vicente, e presentado o 3.3.2026 (202699900002242) por Jaime Francisco Carro Merchán, en nome de Pontegadea España, S.L., con CIF B82707720.

Segundo. Publicar a aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Esta publicación deberá realizarse no prazo dun mes desde a adopción da aprobación definitiva.

Igualmente, xunto coa publicación deste acordo, publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica en que figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público.

Terceiro. Comunicar o acordo de aprobación definitiva, en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, achegando un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado.

Cuarto. Notificar individualmente a aprobación definitiva do plan especial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles notificou a súa aprobación inicial, de conformidade co artigo 186.4 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.



Para os efectos do disposto no punto segundo da parte dispositiva do acordo, publícase este anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e poderá consultarse a documentación íntegra na seguinte ligazón: <https://sede.artexio.org/sxc/gl/informacion/>

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia, e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

Arteixo, 6 de abril de 2026

O alcalde  
P.D. (Decreto 1243/2025, do 8 de maio)  
Luis Alberto Castro Calvete  
Concelleiro delegado de Urbanismo

